



informa

CIG-SAÚDE GAÑA UNHA SENTENZA NO TSXG QUE RECOÑECE COMO SERVIZOS PRESTADOS O TEMPO DE MATERNIDADE DURANTE A RESERVA DE CONTRATO DE LONGA DURACIÓN

A Asesoría Xurídica da CIG vén de obter unha sentenza do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) na que se lle dá a razón a traballadora integrante das listas de vinculacións temporais do SERGAS que se lle pospuxo (e reservou) o seu contrato de longa duración a remate da súa BAIXA MATERNAL.

O tribunal demándalle ao SERGAS que recoñeza como tempo traballado efectos administrativos, o período de tempo durante o que a demandante estivo de baixa por maternidade que coincida á súa vez co período de tempo no que foi chamada das listas de vinculacións temporais.

O pacto de vinculacións temporais recolle o dereito a que se lle oferte contratos de longa duración a todas aquelas mulleres que se atopen en suspensión de chamamentos por razón de maternidade, e se lles reserve dito contrato ata a súa incorporación efectiva. Isto ata o de agora implicou unha perda de servizos prestados e supón unha clara discriminación para as mulleres.

Dende a CIG-SAÚDE amosamos a nosa satisfacción por un paso adiante máis na igualdade e non discriminación da muller.

Para máis información ponte en contacto cos/as delegados/as de CIG-Saúde

Vota



TI ES A FORZA
DA SANIDADE PÚBLICA

2 / 3
23 DE MAIO / ELECCIÓN SINDICAIS

